

FICHAS DE INVESTIGACIÓN - ISSGA

Accidentes laborais no sector agrario



Edición:

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga)
Xunta de Galicia

Autoría:

Gema Bertoa Veiga
Esther Varela Cerdeira
Estrella Cancio Fernández

Impresión: Rella SL

Depósito legal: C 1866-2013

Santiago de Compostela, 2014

INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) é o órgano técnico encargado da xestión e coordinación das políticas de prevención de riscos laborais en Galicia e desenvolve as súas funcións de acordo coa Lei 14/2007, do 30 de outubro, que o crea e regula.

Entre as súas funcións está a de analizar, investigar e avaliar as causas e factores determinantes dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, establecendo un carácter sectorial e territorial, abordar o seu estudo preventivo e propor, de ser o caso, medidas correctoras.

O Plan estratéxico de prevención de riscos laborais 2011-2014 no seu sexto obxectivo destaca a importancia que ten a tarefa de investigación dos accidentes laborais, pero ademais define como liña de actuación a posterior análise desa información e detalla que se deben difundir os resultados e as conclusións destes informes.

En cumprimento das directrices de traballo definidas por este plan estratéxico, faise necesario desenvolver ferramentas divulgativas e de fácil interpretación, polo que o Issga presenta en forma de coleccionable as **Fichas de investigación** de accidentes de traballo, baseadas en sucesos reais.

Seleccionáronse aqueles accidentes laborais máis representativos pola súa frecuencia ou gravidade e, a partir da investigación que realizaron os técnicos do Issga, sintetizouse a información máis relevante en catro epígrafes: unha descrición da actividade, do accidente de traballo, das súas causas e das medidas preventivas que se deberon adoptar. Os textos orixinais foron adaptados co obxecto de cumprir coa súa finalidade didáctica.

As fichas están numeradas segundo se van publicando e clasifícanse polo código de risco. O Issga irá actualizando e incluíndo no futuro novas fichas.

O obxecto é sensibilizar os traballadores e empresarios, dar a coñecer situacións reais e divulgar as medidas preventivas que evitarían os accidentes e que se poden aplicar en postos de traballo similares.

ÍNDICE

CÓDIGO	RISCO	NÚMERO DE FICHA				
010	Caída de persoas a distinto nivel	8	12			
020	Caída de persoas ao mesmo nivel					
030	Caída de obxectos por derruba	9				
040	Caída de obxectos en manipulación	7	15			
050	Caída de obxectos desprendidos					
060	Pegadas sobre obxectos					
070	Choques contra obxectos inmóviles					
080	Choques contra obxectos móbiles					
090	Golpes/cortes por obxectos ou ferramentas	2	6	10	11	17
100	Proxección de fragmentos ou partículas	4	13			
110	Atrapamento por ou entre obxectos	1	5	16	18	
120	Atrapamento por envorcadura de máquinas ou vehículos	3				
130	Sobreesforzos	14				
140	Exposición a temperaturas ambientais extremas					
150	Contactos térmicos					
160	Contactos eléctricos					
170	Exposición a substancias nocivas ou tóxicas					
180	Contactos con substancias cáusticas e/ou corrosivas					
190	Exposición a radiacións					
200	Explosións					
210	Incendios					
220	Accidentes causados polos seres vivos	19				
230	Atropelos ou golpes con vehículos					

NÚMERO DE FICHA E ACCIDENTE LABORAL INVESTIGADO					
1	Atrapamento cunha árbore enganchada noutra	8	Caída desde a caixa do tractor ao chan	15	Caída sobre o pé dereito dunha grella de ferro do sistema de limpeza dunha corte
2	Contacto con coitelas dunha colleitadora de millo	9	Caída dunha paca amoreada sobre o traballador	16	Contacto co eixe de transmisión cardánico
3	Atrapamento por envorcadura do tractor	10	Corte nunha perna cunha motoserra	17	Golpe co cabezal dunha colleitadora forestal
4	Impacto dunha partícula nun ollo pola proximidade á rozadoira enganchada á minirretroescavadora	11	Corte mentres se intenta desatascar un autocargador	18	Atrapamento pola caída dunha árbore que se estaba cortando polo pé
5	Atrapamento ao intentar enganchar un apeiro aos tres puntos traseiros de enganche dun tractor	12	Caída dende a cabina do tractor forestal ao envorcar	19	Golpe polo couce dunha vaca
6	Golpe por unha árbore ao caer tras ser cortada polo pé	13	Impacto dunha partícula nun ollo mentres se desbrava cunha rozadoira		
7	Caída da cisterna sobre o pé do traballador ao desenganchala do tractor	14	Sobreesforzo ao intentar mover manualmente un cultivador de 500 kg		

Atrapamento cunha árbore enganchada noutra

01

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Corta polo pé, procesado e amoreamento dos eucaliptos do terreo.

A cuadrilla estaba formada por tres traballadores:

- O que manexaba a colleitadora.
- O traballador accidentado: a persoa que accionaba a motoserra que realizaba a corta polo pé dos eucaliptos.
- O operario do autocargador.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O accidentado estaba cortando polo pé un eucalipto duns 23-25 m de alto e duns 58 cm de diámetro e pretendía que caese cara a unha zona despezada do terreo. Xa fixera o corte direccional e, cando estaba terminando de realizar o corte de tombado, rompeu a cadea da motoserra e, entón, axudouse dunha cuña para conseguir a caída do eucalipto. A dirección de caída conseguida desviouse un pouco da inicialmente pretendida e a árbore quedou enganchada noutra.

O accidentado chama o operario da colleitadora e falan de tirar a árbore coa máquina. Mentres o operario vai cara á colleitadora, o accidentado ponse a cortar uns troncos que estaban no chan, debaixo da árbore enganchada, cando esta cae e atrapa o traballador, que sofre un traumatismo de tórax e de cadeira.



Eucalipto cortado polo pé.

Zona onde quedou atrapado o traballador.

CAUSAS

- Rotura da cadea da motoserra ao realizar o corte de tombado.
- Desvío da dirección de caída prevista.
- Traballar na posible zona de caída da árbore enganchada.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Revisar a motoserra antes de comezar os traballos: tensado da cadea, afiado etc.
2. Non traballar debaixo de árbores que estean enganchadas noutras.

Contacto con coitelas dunha colleitadora de millo

02

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O accidentado contratou unha empresa para recoller o millo na súa leira. A empresa é a que proporciona e a que manexa a colleitadora de millo, mentres o accidentado axuda manualmente nas tarefas.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

A colleitadora de millo para por mor dun atasco e o accidentado axúdalle ao traballador que a manexa a desatracar o cabezal da máquina. Unha vez desatracado, o accidentado indícalle que xa pode poñela en funcionamento, pero non se afasta o suficiente, polo que se lle engancha o pantalón nas coitelas dos discos frontais do cabezal e alcánzalle a perna esquerda por debaixo do xeonllo. O traballador sufriu a amputación do pé.



CAUSAS

- Presenza do traballador no raio de acción dos discos frontais do cabezal.
- Non asegurarse da ausencia doutros traballadores nas proximidades antes de poñer en marcha o equipo de traballo, de acordo coas indicacións do manual de uso do fabricante.
- Formación e información inadecuada sobre a tarefa.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Manter a distancia de seguridade cos discos de corte cando estes estean en funcionamento.
2. Ler e seguir as normas de seguridade, manexo e mantemento do manual de uso do equipo de traballo.
3. Os traballadores recibirán formación teórica e práctica en materia preventiva e serán informados dos procedementos seguros para a realización do seu traballo e para a correcta utilización dos equipos de traballo.

Atrapamento por envorcadura do tractor

03

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballador accidentado circulaba por un camiño co tractor e co remolque para dirixirse a unha leira da explotación a recoller herba para o gando.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O accidente sucedeu no momento en que o traballador circulaba co tractor, co remolque enganchado, por un camiño de acceso ás leiras da explotación. O tractor ten 23 anos de antigüidade e dispón de cabina, pero non de cinto de seguridade. O camiño era estreito, en pendente, e con curvas moi pronunciadas. O que ocorreu foi que o tractor derrapou nunha curva e o traballador non conseguiu frealo, polo que envorcou e foi por un desnivel de aproximadamente 1,5 m para, finalmente, caer de novo no camiño, pero a un nivel máis baixo. A consecuencia foi que o traballador sufriu unha fractura de clavícula e un corte superficial na cabeza.

CAUSAS

- Configuración irregular e abrupta do terreo.
- Actos inseguros e manobras incorrectas no manexo do tractor.
- Formación inadecuada sobre o manexo do tractor.
- Ausencia de cinto de seguridade.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Extremar as precaucións e ter en conta as condicións do terreo polo que se circula.
2. Vixiar o bloqueo do diferencial e o peche de bloqueo dos pedais de freo.
3. Manter e conservar o tractor en bo estado. Realizar as revisións periódicas dos sistemas de freos, da dirección, do estado das rodas, do embrague, do enganche dos equipos remolcados etc.
4. Incorporar ao tractor agrícola un cinto de seguridade.
5. Formación e información sobre os riscos para a seguridade e a saúde no traballo, así como sobre as medidas e as actividades de protección e de prevención aplicables a estes riscos.



Impacto dunha partícula nun ollo pola proximidade á rozadoira enganchada á minirretroescavadora

04

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O accidentado permanecía detrás da rozadoira mentres esperaba a que limpase o camiño para acceder á árbore que tiña que cortar polo pé.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O accidentado sufriu o impacto dunha partícula no ollo esquerdo, que lle provocou un corte na pálpebra inferior e a perda de visión no ollo, por situarse detrás da rozadoira cando se limpaba o camiño de acceso.

A máquina é unha minirretroescavadora cunha rozadoira hidráulica encaixada no brazo. O cabezal de roza consta dunha base cadrada con faldróns inferiores ríxidos en ambas as caras laterais e un rolo traseiro, que evitan a proxección de materiais, e ten a parte frontal aberta.



CAUSAS

- Ausencia dun procedemento de traballo.
- Presenza do traballador dentro dunha zona perigosa ou indebida.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Establecer un procedemento de traballo para realizar a roza e ter en conta, entre outros aspectos, o seguinte:
 - Se a utilización do equipo pode dar lugar a proxeccións perigosas, deberán adoptarse as medidas de prevención ou protección adecuadas para garantir a seguridade dos traballadores que os utilicen ou que se atopen nas súas proximidades.
 - Os equipos de traballo non deberán utilizarse en operacións ou en condicións contraindicadas polo fabricante; por exemplo, non poderá haber persoal nun raio mínimo de 100 metros (distancia de seguridade).
2. Formar e informar os traballadores sobre os procedementos seguros para realizar o seu traballo.

Atrapamento ao intentar enganchar un apeiro aos tres puntos traseiros de enganche dun tractor

05

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballador accidentado estaba enganchoando o apeiro □o pincho□ ao tractor. Trátase dun procedemento de traballo no que se ensambla o apeiro ao tractor nos seus dispositivos de enganche; neste caso, nos tres puntos de enganche (dous brazos e o terceiro punto).

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O accidente ocorreu cando o traballador estaba enganchoando o apeiro aos tres puntos de enganche do tractor. Primeiro, enganchoou o apeiro aos dous brazos do tractor e, posteriormente, procedeu á ensamblaxe do terceiro punto. Introduciu o bulón no terceiro punto de enganche, pero este non quedou totalmente encaixado, de tal xeito que se desenganchoou o apeiro nese punto e quedou atrapado o dedo índice da man dereita do traballador, o que lle produciu unha fractura.

CAUSAS

- Os bulóns de enganche e os pasadores de seguridade do apeiro non están en bo estado (presenza de óxido e falta de engraxamento).
- Ausencia dunha segunda persoa para axudar no enganche do apeiro.
- Falta de formación adecuada do traballador.



Puntos de enganche do apeiro no tractor.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Manter o apeiro e os seus elementos de enganche en boas condicións de seguridade para o seu uso.
2. Enganchar o apeiro seguindo as rutinas de ensamblaxe adecuadas e, sempre que sexa necesario, dispoñer da axuda doutra persoa:
 - Manexar o acelerador e o embrague con extrema suavidade.
 - Nunca ter ensamblada a marcha atrás mentres haxa algunha persoa entre o tractor e o apeiro.
 - Ter en todo momento á vista a persoa que facilite o enganche do apeiro.
 - Ter as fiestras e as portas da cabina abertas e a radio apagada para oír as indicacións da outra persoa.
 - Se non se entende con claridade o que é preciso realizar, deter o tractor, baixar e asegurar o dispositivo de fixación.
 - Ata onde sexa posible, modificar a lonxitude do suspensor antes que desprazar o tractor.
 - Tras efectuar o enganche, comprobar a adecuada fixación movendo arriba e abaixo os puntos de enganche.
3. Formar e informar sobre os riscos para a seguridade e a saúde do traballo, así como sobre as medidas e as actividades de protección e prevención aplicables a estes riscos.

Golpe por unha árbore ao caer tras ser cortada polo pé

06


DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballador accidentado estaba cortando un piñeiro polo pé cunha motoserra nun terreo forestal. As dimensións aproximadas do piñeiro eran de 21 m de altura e un tronco de 45 cm de diámetro na base.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

No momento da caída do piñeiro que o traballador estaba cortando polo pé cunha motoserra, a árbore retrocedeu respecto da súa base e golpeou o traballador na cabeza e no tórax. Este probablemente se encontraba tras a base da árbore, sen posibilidade de afastarse, xa que estaba rodeada de matogueira. Descoñécese o motivo que provocou o feito de que o tronco saltase ou rebotase cara a atrás, pero poida que influíse a frondosidade da copa ou o contacto con outra árbore próxima no momento da caída.

Lesións producidas: fractura de cranio e ruptura de aorta.



CAUSAS

- Rebote do tronco da árbore cara a atrás.
- Presenza do traballador dentro da zona de perigo (zona tras a árbore; é dicir, a contraria ao sentido de caída desta) cando se producía a caída da árbore que acababa de cortar polo pé.
- Presenza de obstáculos nas diagonais detrás da árbore; é dicir, nas posibles rutas de escape ou nos camiños de retirada, que se atopaban cheas de matogueira.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Planificar os traballos en función das características da contorna e da árbore.
2. Despexar as diagonais cara a atrás da base da árbore (lado contrario ao do sentido previsto da caída da árbore) e cortar e afastar calquera tipo de obstáculo, como matogueiras, residuos etc., ou calquera obxecto que poida producir un tropezco e impedir a rápida evacuación.
3. As diagonais referidas constituirán as vías de afastamento que deberá empregar o traballador, que non debe permanecer na zona de perigo, cando comece a caída da árbore.
4. Formar e informar sobre os riscos para a seguridade e a saúde do traballo, así como sobre as medidas e as actividades de protección e prevención aplicables a este risco.

Caída da cisterna sobre o pé do traballador ao desenganchala do tractor

07

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballador accidentado estaba desenganchando a cisterna do tractor, para o que a apoiou nun cepo.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O traballador aparcou o tractor nunha zona empedrada da leira e baixou para colocar o cepo (apoio) debaixo da cisterna e así proceder a desenganchala. No momento do desenganche, o cepo desprazouse e caeulle a cisterna enriba do pé dereito.



CAUSAS

- Non asegurar a cisterna antes de desenganchala do tractor.
- Aparcar o tractor nun terreo irregular e pouco firme.
- Elemento auxiliar de apoio inadecuado (cepo de madeira).

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Aparcar o tractor co apeiro nun lugar seguro e de chan firme.
2. Utilizar un sistema de apoio axeitado que garanta a estabilidade da cisterna.

Caída desde a caixa do tractor ao chan

08

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Descarga das pacas do remolque/caixa do tractor.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O traballador estaba subido enriba das pacas amoreadas ata a altura da caixa do remolque do tractor (altura aproximada de 3,10 m) para retirar unhas pacas que sobresaían. Ao empurrar unha delas, o traballador desestabilizouse e caeu ao chan.



Caixa do remolque do tractor.



Pacas cargadas de 90x40 cm aproximadamente.

CAUSAS

- Traballo en altura (subido enriba das pacas) nunha zona onde non había protección perimetral e sen protección individual.
- Traballo nunha superficie inestable.
- Formación inadecuada sobre o procedemento de traballo.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Ler e seguir as indicacións do manual de uso do remolque en canto á carga e á descarga. De non estar establecido no manual de uso, terase en conta non subir enriba da carga a unha altura na que non exista unha protección perimetral mínima de 90 cm.
2. Os traballadores recibirán formación teórica e práctica en materia preventiva e serán informados dos procedementos seguros para a realización do seu traballo e da correcta utilización dos equipos de traballo.

Caída dunha paca amoreada sobre o traballador

09


DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballador retiraba rolos de paca da palleira co tractor. A palleira é de planta baixa e cuberta e ten accesos frontais abertos para o tractor; nun lateral, hai un muro e, noutro, un comedero para os animais feito con táboas duns 1,20 m de altura. Os rolos estaban amoreados de tres en tres e a altura de amoreamento é de 3,70 m.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O día do accidente, un remolque taponaba os accesos frontais da palleira, polo que estaban retirando as pacas co tractor dende un dos laterais. Desde esta posición, tiñan que coller a paca do medio, porque a da cima batía coa viga do teito. Nesta viga había un cable frouxo que tropezaba coas forquitas do tractor, polo que o traballador subiu ás táboas do comedero para retirar o cable, mentres collían a paca do medio co tractor, momento no que unha das pacas amoreadas se lle veu enriba e caeu ao chan.

O traballador sufriu unha dislocación na perna esquerda.



CAUSAS

- Non retirar as pacas dende os accesos habilitados.
- Presenza do traballador nunha zona perigosa.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Despexar os accesos habilitados á zona de amoreamento das pacas para poder retiralas dende estes accesos co tractor, asegurarse de que a zona de manobra estea libre de obstáculos e seguir unha orde na retirada para evitar a derruba destas pacas.
2. Asegurarse de que non haxa traballadores na zona de almacenamento durante a retirada das pacas.

Corte nunha perna cunha motoserra

10

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación dun terreo con piñeiros. Derrubado e tronzado.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O traballador cortou polo pé un piñeiro e dirixiuse a facer as marcas para o tronzado. Levaba a motoserra ao ralentí, agarrada coa man dereita, enganchóuselle unha póla na asa e, nese momento, accionouse accidentalmente o acelerador. O traballador perdeu o control da motoserra e enganchóuselle a cadea no pantalón, co que sufriu un corte na parte posterior da coxa da perna dereita.



CAUSAS

- Non activar o freo de cadea nos desprazamentos curtos.
- Non utilizar un pantalón anticorte.
- Falta de formación do traballador.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Realizar os desprazamentos curtos co freo de cadea activado.
2. Facilitarlle aos traballadores os equipos de protección individual correspondentes e vixiar a súa utilización.
3. Os traballadores recibirán formación teórica e práctica en materia preventiva e serán informados dos procedementos seguros para a realización do seu traballo e para a correcta utilización dos equipos de traballo.

Corte mentres se intenta desatascar un autocargador

11

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O accidentado estaba recollendo herba nunha leira co autocargador.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALO

O accidente ocorreu cando o dispositivo de recollida do autocargador, formado por elementos de elevación e picado (coitelas), parou. O accidentado subiu á parte traseira do apeiro sen antes desconectar o tractor e sen proceder á súa consignación. Unha vez arriba, intentou desenredar manualmente (con guantes de látex) a herba que atascaba o dispositivo de recollida, xusto onde están situadas as coitelas de picado da herba. Foi nese intre cando o dispositivo comezou a moverse de novo e lle cortou os cinco dedos da man dereita coas coitelas.



Parte do autocargador que quedou atascada coa herba e na que se produciu o accidente.



Parte traseira do autocargador á que accedeu o accidentado.

CAUSAS

- O traballador exposto accedeu a unha zona perigosa (coitelas do autocargador) para quitar unhas herbas que estaban atascando o dispositivo de recollida, sen desconectar antes o tractor e sen proceder á súa consignación.
- Formación inadecuada sobre a tarefa.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. As operacións de mantemento, axuste, desbloqueo, revisión ou reparación dos equipos de traballo que poidan supoñer un perigo para a seguridade dos traballadores realízanse despois de parar ou de desconectar o equipo, de comprobar a inexistencia de enerxías residuais perigosas e de tomar as medidas necesarias para evitar a súa posta en marcha e a conexión accidental mentres se estea efectuando a operación (consignación).
2. Os elementos móbiles da máquina débense deseñar e fabricar para evitar os riscos de contacto que poden provocar accidentes ou, cando subsistan os riscos, estarán provistos de resguardo ou de dispositivos de protección. Deberán tomarse todas as medidas necesarias para evitar o bloqueo inesperado dos elementos móbiles que interveñen no traballo.
3. Os traballadores recibirán formación teórica e práctica en materia preventiva, serán informados dos procedementos seguros para a realización do seu traballo e para a correcta utilización dos equipos de traballo, e terán en conta as instrucións do fabricante.

Caída dende a cabina do tractor forestal ao envorcar

12

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O accidentado, co cabrestante do tractor forestal, facía a operación de arrastre das árbores enteiras dende un noiro cunha forte pendente ata unha zona do terreo máis alta e sensiblemente máis chaira.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O traballador conducía o tractor sen usar o cinto de seguridade e manobrava cara a atrás para colocalo ao bordo do noiro e executar un novo arrastre de árbores; perde o control da máquina, que se precipita polo noiro, salta dela nos primeiros momentos do desprazamento e o tractor, poucos metros despois, envorca e frea contra unhas árbores.

O traballador rompeu a tibia e o peroné.

CAUSAS

- Ausencia de planificación do traballo.
- Non gardar a distancia de seguridade ao bordo do noiro.
- Non utilizar o cinto de seguridade.
- Formación inadecuada do traballador.

ACCÍONS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Antes de acceder ao tractor forestal e de executar o arrastre das árbores, o maquinista planificará o traballo, revisará a zona de operacións e tomará nota dos obstáculos e dos perigos que poidan presentarse.
2. As máquinas manterán unha distancia de seguridade aos bordos dos terrapléns ou dos noiros, que estarán sinalizados, e, en caso necesario, as manobras estarán dirixidas por unha persoa que faga as sinalizacións pertinentes.
3. Empregar sempre o cinto de seguridade.
4. O condutor do tractor forestal será unha persoa capacitada, con experiencia e con formación específica no manexo da máquina, e estará autorizado pola empresa para o seu manexo.



Impacto dunha partícula nun ollo mentres se desbrava cunha rozadoira

13

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O accidentado desbravaba unha matogueira baixa cunha rozadoira nunha zona de monte con afloramento rochoso.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O traballador sufriu o impacto dunha pedra no ollo dereito, que lle provocou unha ferida no globo ocular con prolapso, cando desbravaba cunha rozadoira. Levaba a pantalla protectora un pouco levantada e non usaba lentes de protección.



CAUSAS

- Contacto das coitelas con pedras por non comprobar antes da roza as condicións do terreo.
- Non utilizar as lentes de protección, segundo o indicado no manual de uso da máquina.
- Levar a pantalla protectora levantada.
- Formación inadecuada sobre a realización da tarefa e sobre a utilización dos equipos de protección individual.

ACCÍONS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Inspeccionar o terreo previamente para detectar obxectos duros, como poden ser rochas, e evitar o contacto das coitelas con estes obxectos.
2. Os traballadores utilizarán os equipos de protección individual que indica o fabricante do equipo de traballo nas instrucións de manexo deste, polo que se deben levar lentes de seguridade e un protector facial sobre as lentes para protexerse do impacto de obxectos levantados ou despedidos.
3. Os traballadores recibirán formación teórica e práctica en materia preventiva, serán informados dos procedementos seguros para a realización do seu traballo e para a correcta utilización dos equipos de traballo e seguirán as indicacións do fabricante.

Sobreesforzo ao intentar mover manualmente un cultivador de 500 kg

14

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballador accidentado estaba intentando desenganchar dos tres puntos de amarre do tractor un cultivador de arredor de 500 kg.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O traballador accidentado atopábase na parte traseira do tractor, entre este e o apeiro (cultivador). O cultivador estaba apoiado no chan, mentres o traballador intentaba desenganchalo dos tres puntos de amarre do tractor. Como un dos bulóns de amarre se resistía a saír do punto de enganche, o traballador intentou mover manualmente o cultivador para poder sacalo; de súpeto deulle unha forte dor no brazo dereito. A lesión que sufriu foi a rotura do tendón bíceps do brazo dereito.



Tres puntos de enganche co tractor.

CAUSAS

- Desenganche do apeiro de forma manual sen empregar un medio auxiliar axeitado e sen solicitar a axuda dun segundo traballador.
- Formación inadecuada sobre os procedementos de traballo.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Non levantar unha máquina moi pesada e utilizar só a forza física; nestes casos, convén empregar un equipo auxiliar axeitado, como un gato hidráulico.
2. Os traballadores recibirán formación teórica e práctica en materia preventiva, serán informados dos procedementos seguros para a realización do seu traballo e para a correcta utilización dos equipos de traballo e terán en conta as instrucións do fabricante.

Caída sobre o pé dereito dunha grella de ferro do sistema de limpeza dunha corte

15

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballador accidentado realizaba a tarefa de limpeza da grella final do sistema de limpeza da corte.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O accidente ocorreu cando o traballador accidentado levantou unha das grellas e a apoiou na súa perna dereita, para suxeitala e para poder realizar a limpeza por debaixo. A grella esvaroulle da perna e caeu encima do pé dereito, co que sufriu a rotura de dous dedos do pé.



CAUSAS

- Procedemento de traballo inadecuado.
- Ausencia dun sistema de suxeición adecuado na grella final do sistema de limpeza da corte para realizar a tarefa de limpeza manual.
- Non levar calzado de seguridade.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Instalar un sistema de suxeición adecuado na grella final para realizar a tarefa de limpeza.
2. Empregar calzado de seguridade para realizar a tarefa.
3. Formación e información sobre os riscos para a seguridade e a saúde do seu traballo, así como sobre as medidas e as actividades de protección e prevención aplicables a estes riscos.

Contacto co eixe de transmisión cardánico

16

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballador accidentado estaba axudando mentres se enchía a cisterna distribuidora de xurro. O seu traballo consistía en enganchar o apeiro ao tractor e en vixiar que a cisterna enchese. Esta tarefa realizábase coa cisterna distribuidora de xurro accionada pola toma de forza do tractor (TDF), a través do eixe de transmisión cardánico, permanecendo o tractor aceso mentres enchía.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O accidente ocorreu cando o traballador se achegou ao eixe de transmisión que une o tractor coa cisterna distribuidora para proceder a engraxar a toma de forza da cisterna, de tal xeito que a xunta cardán que estaba en funcionamento lle atrapou o extremo inferior esquerdo da chaqueta de traballo que tiña desabrochada, atrapoulle o brazo e produciulle a amputación desta extremidade.



Tractor coa cisterna distribuidora de xurro.

TDF da cisterna de xurro que o traballador ía engraxar.

Xunta cardán enganchada á cisterna de xurro onde se produce o atrapamento.



Detalle do enganche da cisterna distribuidora de xurro no tractor.

TDF do tractor axustada ao eixe de transmisión mediante unha xunta cardán.

Eixe cardánico de transmisión sen protección.

CAUSAS

- Ausencia do protector fixo do eixe de transmisión cardánico.
- Ausencia do escudo ou do cárter de protección da toma de forza da cisterna distribuidora de xurro e do tractor que debería cubrir a parte superior e os laterais da toma de forza.
- Realizar operacións de mantemento do equipo de traballo sen desconectar a toma de forza e sen apagar o tractor.
- Utilizar roupa de traballo frouxa e desabrochada, o que produciu o enganche da vestimenta do operario e que este fose violentamente arrastrado e atrapado polo eixe cardán en movemento, o que finalmente lle produciu a amputación.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. O eixe de transmisión cardánico que une o tractor coa cisterna distribuidora do xurro deberá estar protexido por ambos os puntos de conexión e tamén a todo o longo do eixe e das súas articulacións.
2. A cisterna distribuidora de xurro debe dispoñer dun cárter de protección fixo para albergar o eixe de transmisión.
3. A toma de forza do tractor á que se engancha o eixe de transmisión debe estar protexida, ben por unha pantalla fixa ao tractor, ou por calquera outro sistema que ofrezca unha protección equivalente.
4. Antes de efectuar calquera operación de mantemento dun apeiro enganchado á toma de forza, deberase desembragar a toma de forza, desacoplar o eixe de transmisión, parar o motor e sacar a chave do contacto.
5. Empregar roupa de traballo axustada.
6. Incidir na formación e na información aos traballadores dos riscos do seu posto de traballo, equipos de traballo, medidas de prevención e protección que se desenvolverán para que sexan conscientes dos riscos e da importancia de adoptar uns hábitos de traballo seguros.

Golpe co cabezal dunha colleitadora forestal

17

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballador accidentado realizaba a corta manual de eucaliptos coa motoserra. Unha vez que corta polo pé tres ou catro árbores, e estas están no chan, a colleitadora cólleas coas garras e procede a quitarlles as pólas e mais a cortiza, a tronzalas, a clasificalas e a amorealas. Mentres a colleitadora realiza estas operacións, o traballador desprázase para seguir coa corta polo pé doutras árbores, para realizar operacións de limpeza e para quitar as pólas máis grosas das árbores xa cortadas.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O accidente sobrevén cando o traballador acababa de comezar a xornada da tarde. Xa cortara polo pé varios eucaliptos e estaba realizando o corte direccional doutro eucalipto, para forzar a caída en dirección oposta ao río existente na zona e, deste xeito, evitar que caese sobre o mesmo, operación que xa fixera con outras árbores cortadas polo pé anteriormente.



Colleitadora.



Cabezal da colleitadora.

Unha vez que realizou o corte direccional, o operario da colleitadora procedeu a realizar o corte de tombado colocando o cabezal da colleitadora abrazando o tronco coas garras a unha altura aproximada de 2-3 metros sobre o chan. E dende esa posición fixo ir o cabezal polo tronco, ata situalo en posición de corte polo pé. No momento no que fai ir o cabezal da colleitadora polo tronco da árbore, alcanza o traballador polo costado e prodúcelle lesións medulares.

CAUSAS

- O procedemento de traballo utilizado é inadecuado, entre outras causas, por:
 - ☐ Falta de planificación e organización das distintas operacións que se desenvolven na tarefa de corta, ao combinarse simultaneamente o corte manual coa motoserra co corte mecanizado coa colleitadora.
 - ☐ Presenza do traballador dentro da área de perigo do equipo de traballo.
 - ☐ Falta de comprobación, por parte do operario da colleitadora, da presenza doutro traballador na área de perigo da colleitadora.
- Utilizar o cabezal da máquina para a corta polo pé dun xeito que non recolle o fabricante e sen avaliar previamente os riscos.
- Formación insuficiente dos traballadores.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Planificar e organizar de antemán a actividade forestal para conseguir un bo nivel de seguridade e o debido control de traballo. Para iso, elaboraranse e aplicaranse os procedementos de traballo adecuados ao tipo de actividade forestal que se realizará: usarase a motoserra para a corta polo pé e a colleitadora para quitar a cortiza e mais as pólas e para a tronza.
2. Cumprir as instrucións de seguridade establecidas no manual do cabezal da máquina forestal facilitado polo fabricante e, no caso de que se utilice a máquina dunha forma diferente á indicada no manual de uso, avalíaranse os riscos e estableceranse as medidas preventivas.
3. Os traballadores recibirán formación teórica e práctica en materia preventiva e serán informados dos procedementos seguros para a realización do seu traballo e para a correcta utilización dos equipos de traballo.

Atrapamento pola caída dunha árbore que se estaba cortando polo pé

18


DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballo do accidentado consistía en limpar a base das árbores que se ían cortar polo pé. Tamén realizaba o amoreamento dos troncos, para a súa posterior carga e transporte ata o lugar de destino.

Na mesma zona, outro operario realizaba o corte polo pé dunha árbore dun diámetro de 45 cm.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O accidente sobrevén cando o operario estaba cortando un piñeiro polo pé e, ao caer a árbore, alcanzou o traballador accidentado e causoulle a morte.



CAUSAS

- Presenza do traballador na zona de influencia da árbore que se estaba cortando polo pé.
- Falta de comprobación, por parte do operario encargado de cortar a árbore, da presenza doutro operario na zona de influencia da árbore que se vai cortar polo pé.
- Formación inadecuada sobre os procedementos de traballo.

ACCIÓNS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Calquera outro operario alleo ao que estea cortando unha árbore manterase a unha distancia mínima de 2,5 veces a altura da árbore que se vai cortar polo pé.
2. Antes de comezar a cortar a árbore, o operario comprobará que non haxa ningún traballador na zona de influencia desta (2,5 veces a altura da árbore).
3. Os traballadores recibirán formación teórica e práctica en materia preventiva, serán informados dos procedementos seguros para a realización do seu traballo e para a correcta utilización dos equipos de traballo e seguirán as indicacións do fabricante.

Golpe polo couce dunha vaca

19

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O traballador estaba muxindo unha vaca á man, para o que se colocou no terzo posterior dereito do animal, moi próximo a el.

DESCRICIÓN DO ACCIDENTE DE TRABALLO

O traballador estaba situado no terzo posterior dereito do animal, coas pernas rectas algo afastadas da vaca e coas costas inclinadas cara a diante para chegar ao ubre. De súpeto, a vaca deulle un couce na perna dereita que o desprazou cara a atrás uns metros, coa súa conseguinte caída ao mesmo nivel. O golpe da patada da vaca produciulle a fractura da meseta tibial externa da perna dereita.



CAUSAS

- Contacto con animais con comportamento imprevisible.
- Manipulación dunha zona delicada do animal.

ACCÍONS PREVENTIVAS / CORRECTORAS

1. Manexar con prudencia os animais e ter presente que o seu comportamento é imprevisible.
2. Extremar as precaucións cando se manipule unha zona delicada do animal.



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



galicia

